

CAMPAMENTO DE VERÁN

FICHA DE PREINSCRIPCIÓN

CURSO 2023

Alumno/a:

Idade:

D.N.I.:

Data de nacemento:

Pai, nai ou titor/a:


D.N.I.:

Tfno.:

Enderezo:

Algunha enfermidade ou tratamento:

E-mail:



CONCELLO DE COSPETO

A inscrición formalizarase, previo pago do prezo público, de acordo cos modelos de autoliquidación dispoñibles nas oficinas do Concello.

**PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CAMPAMENTO DE VERÁN DO CONCELLO DE COSPEITO
AUTOLIQUIDACION PARA DO PREZO PÚBLICO**

1.- DATOS DO OBRIGADAO AO PAGO (PAI , NAI OU TITOR):

Nome e apelidos ou denominación social:			
D.N.I./N.I.F.:		Enderezo, domicilio social:	
Concello	Provincia	C.P.	Teléfono:

2.- OBXECTO DO PREZO PÚBLICO: CAMPAMENTO DE VERÁN 2023 (IDENTIFICACIÓN DA PERSOA INSCRITA)

Nome e Apellidos:	Observacións

3.- LIQUIDACIÓN (Abono previo ao inicio da actividade)

Período de prestación	Exencións e reducións	Número de usuarios	Tarifa íntegra €/ temporada	Tarifa reducida €/ temporada	Cota líquida
Total cota		0	0,00	0,00	0,00
Total débeda a pagar.....					

Cospeito a _____ de _____ do 20__

Asd.: _____

<p>Espacion reservado para a Administración:</p>	<p>Espacio reservado para selo acreditativo do pago:</p>
--	--

LUGAR DE INGRESO	Abanca	ES57-2080-0113-18-3110000014
	Caixa Rural Galega	ES33-3070-0023-69-1138233125

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, o Concello de Cospeito, infórmalle que os seus datos persoais obtidos tras cubrir esta solicitude vanse incorporar nun ficheiro automatizado para o seu tratamento cons fins tributarios e de recadación, non sendo cedidos a terceiro. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderán exercerse enviando unha comunicación ao Rexistro xeral do Concello de Cospeito.

Orixinal para a Administración
Copia para a Entidade financeira
Copia para o interesado

c) Criterios de adjudicación: oferta económicamente máis vantaxosa con múltiples criterios de valoración, uns evaluables automáticamente e outros non evaluables automáticamente.

4. Orzamento base de licitación :

Lote nº1: 19.150 €, sendo o seu IVE 4.021,5 €

Lote nº 2: 38.028 €, sendo o seu IVE de 7.985,88 €

5. Garantías esixidas:

Definitiva do 5% do importe de adjudicación, excluído o IVE.

6. Requisitos específicos do contratista:

a) Clasificación: Non se esixe, nembargantes, a clasificación do empresario no grupo ou subgrupo obxecto do contrato acreditará a súa solvencia.

b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: a esixida no prego de cláusulas administrativas.

7. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 10 días naturais a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

b) Hora límite: 14:00 horas.

c) Lugar de presentación:

1) Dependencia: Rexistro Xeral do Concello do Corgo.

2) Dirección: Estrada N-VI, s/n, O Corgo, Lugo.

3) Localidade e código postal: O Corgo, 27163.

4) Fax: 982302068

8. Apertura de ofertas:

a) Dependencia: Salón de sesións da Casa do Concello do Corgo.

Dirección: Estrada N-VI, s/n, O Corgo, 27163 Lugo.

b) Data e hora: quinto día hábil seguinte a aquel en que remate o prazo de presentación de proposicións, ás 11:00 horas.

9. Gastos de publicidade: por conta do adjudicatario.

O Corgo, 28 de xuño de 2017.- O ALCALDE, José Antonio Ferreiro González

R. 1961

COSPEITO

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DO ACORDO DE ESTABLECEMENTO E FIXACIÓN DO PREZO PÚBLICO A PARTICIPACIÓN NO CAMPAMENTO DE VERÁN ORGANIZADO POLO CONCELLO

1. De conformidade co previsto no artigo 47 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de cinco de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 29 de XUÑO de 2017 adoptou acordo de establecemento e ordenación do prezo público a participación no campamento de verán organizado polo Concello, cuxo contido se recolle como texto anexo.

2. De conformidade co establecido nos artigos 39, 40, e 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas o presente acordo expónse ao público mediante inserción no taboleiro de anuncios da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia para público coñecemento, surtindo efectos a partir do día da súa publicación.

3. Contra o presente acordo nos termos do artigo 112.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, poderán os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde xurisdiccional da provincia de Lugo no prazo de dous meses dende o día seguinte á data de publicación, nos termos previstos na Lei 29/1998, de 13 de xullo de xurisdicción contencioso-administrativa.

ANEXO

ESTABLECIMENTO DO PREZO PÚBLICO DO CONCELLO DE COSPEITO POLO SERVIZO DE CAMPAMENTO DE VERÁN.**Artigo 1.- Fundamento legal**

O Concello de Cospeito, en uso das facultades recoñecidas no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e de conformidade cos artigos 41 e 127 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda establecer neste termo municipal o prezo público pola prestación do servizo de campamento de verán deste Concello.

Artigo 2.- Obxecto do prezo público

Constitúe o obxecto do prezo público a participación no campamento de verán organizado polo Concello.

Artigo 3.- Obrigados ao pago

Estarán obrigados ao pago os participantes inscritos no programa de campamento de verán do Concello de Cospeito.

A inscrición realizarase mediante a entrega nas oficinas municipais do modelo que se axunta como anexo ao presente acordo.

Artigo 4.- Normas de xestión

As persoas interesadas en obter a prestación obxecto do presente prezo público deberán presentar a folia de inscrición e liquidación que se inclúe como anexo ao presente acordo nas oficinas do Concello de Cospeito.

Xunto á solicitude deberá acompañarse a documentación precisa para cada actividade, da que se informará xunto coa solicitude entregada ao usuario.

Artigo 5.- Contía do prezo público

O importe do prezo público será:

- Unidades familiares beneficiarias de algún programa de axuda ou emerxencia social (RISGA, emerxencia social do Concello de Cospeito no exercicio 2016 e 2017, etc...): 0 euros.
- Unidades familiares cuxo nivel de renda sexa inferior ao salario mínimo interprofesional 40 euros por neno (segundo neno e máis bonificación do 50%).
- Unidades familiares cuxo nivel de renda supere o salario mínimo interprofesional e sexa inferior a 1.500 euros mensuais: 80 euros por neno (segundo neno e máis bonificación do 25%).
- Unidades familiares cuxo nivel de renda acade os 1.500 euros mensuais 100 euros por neno (segundo neno e máis bonificación do 12,5%).

Enténdese por unidade familiar a constituída polos dous proxenitores, salvo no suposto de familias monoparentais.

Artigo 6.- Administración e cobranza

A cobranza efectuarase polo sistema de autoliquidación.

As autoliquidacións correspondentes a este prezo público practicaranse nun só pago, previo ao inicio da actividade, mediante ingreso bancario, en calquera das contas indicadas e de acordo co modelo anexo ao presente acordo.

Procederase ao reintegro do prezo público ou á parte proporcional correspondente cando por causas xustificadas non se chegue a realizar a actividade de que se trate. Non procederá a devolución pola baixa inxustificada na prestación do servizo.

As débedas derivadas da aplicación deste prezo público poderán esixirse polo procedemento administrativo de apremio.

DISPOSICION FINAL

O presente acordo, unha vez aprobado polo Pleno da Corporación entrará en vigor ao día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, permanecendo vixente ata a súa expresa derogación.